

Avanza no seu compromiso de promover un consumo responsable e sostible

EROSKI INCORPORARÁ NOVAS SOLUCIÓNS SOSTIBLES COMO ALTERNATIVAS ÁS BOLSAS DE PLÁSTICO DUN SÓ USO

- Entre as novas opcións contempla bolsas compostables, bolsas de papel FSC e bolsas reutilizables que terán como materia prima plástico reciclado polo menos nun 50%
- EROSKI manterá, ademais, a súa bolsa reutilizable de *rafia* e a súa bolsa solidaria reutilizable en tea que, amais de ser sostible, dedica os beneficios da súa venda a causas solidarias
- Estenderá tamén a súa proposta sostible ao seu supermercado online
- Esta acción enmárcase nos *Compromisos de Saúde e Sostibilidade* que EROSKI presentou no primeiro trimestre deste exercicio

Elorrio, 3 de xullo do 2018.- [EROSKI](#) continúa a avanzar no seu compromiso de facilitar que o consumidor poida adoptar patróns de consumo máis sostibles. Nesta ocasión a acción que a cooperativa se compromete a poñer en marcha nos vindeiros meses é a incorporación progresiva de solucións máis sostibles como alternativas ás bolsas de plástico dun só uso.

EROSKI revisou a súa gama de bolsas para ofrecer un abano de solucións completo, variado e sustentable adecuado a todos os tipos de compra. Á súa gama de bolsas da compra vai ir incorporando de xeito paulatino unha compostable que será válida para o lixo orgánico nos contedores de orgánico. Tamén incluírá as bolsas de papel con certificación FSC (Forest Stewardship Council), que acredita que o produto provén de bosques sustentables. Ofrecerá tamén unha bolsa reutilizable de plástico que terá como materia prima plástico reciclado polo menos nun 50%.

A carón das novas solucións sustentables, a cooperativa manterá as súas bolsas reutilizables de rafia e a súa bolsa solidaria en tea, que é moi sinxela de encartar para levar no peto, bolso ou no compartimento do coche e que axunta medio natural e solidariedade, xa que a totalidade dos beneficios da súa venda se dedica a causas solidarias.

“A preocupación por impulsar solucións sostibles para a compra é constante en EROSKI. Xa no 2008, e tras un amplo e fondo exercicio de escoita e participación de centos de consumidores, levado a cabo en 17 capitais españolas, EROSKI introduciu diversas bolsas reutilizables, xunto con incentivos comerciais que

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



primaban o uso e a reutilización de bolsas sostibles. O lanzamento foi acompañado dunha potente campaña de información e concienciación ao consumidor apoiada por WWF. EROSKI xa fora con anterioridade unha das empresas pioneiras en introduciren solucións innovadoras, como as procedentes de amidón de orixe vexetal (biobolsa)", lembrou o director de Saúde e Sostibilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Tamén no supermercado online

EROSKI estenderá a súa proposta sostible aos clientes do seu supermercado online, incorporando a solución de bolsa compostable para os pedidos en internet.

"Coa implantación progresiva da nova gama de bolsas da compra máis sostibles aspiramos a evitar o consumo de máis de 1.400 millóns de bolsas dun só uso ao ano, a facilitarlle ao consumidor unha vida máis sostible e a promover un consumo máis responsable", afirmou Martínez Berriochoa.

A cooperativa é unha compañía fortemente comprometida co respecto ao medio ambiente e para iso desenvolve diversas iniciativas que teñen como obxectivo minimizar o impacto da súa actividade no contorno na que opera. O uso sustentable dos recursos, a redución da pegada ambiental, a promoción da economía circular, a prevención do cambio climático, a defensa da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle nos seus recentemente renovados [Compromisos en Saúde e Sostibilidade](#), que presentou no primeiro trimestre do presente exercicio e nos que tamén se enmarca esta iniciativa de novas solucións de bolsas da compra máis sustentables.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)